

Val: é un espazo fondo e alongado orixinado ben pola acción fluvial (case sempre), tectónica (o val ábrese por movementos ou fracturas da codia terrestre). Tamén un val pode ter unha orixe glaciar.

É habitual que os vales teñan unha orixe múltiple: tectónica e fluvial, por exemplo. Segundo o tipo de rocha e a competencia erosiva dos cursos fluviais que os atravesan, os vales poden ter formas diversas:

Pechado: cando o río discorre encaixado entre ladeiras empinadas

Aberto: O caso oposto, con ladeiras moi suaves –pouca pendente-.

Monte ou Outeiro: É unha elevación illada de pequena extensión que sobresaí con nitidez.

Chaira: Unha chaira é un anaco de terreo sen apenas elevacións. A súa extensión é variable.

Serra: Unha serra é un conxunto de elevacións do terreo encadeadas. É unha serie de montes e vales xunguidos nun anaco extenso (5-10 km) de terreo e que sobresaí respecto ó seu contorno.

Costa baixa: empregaremos este cualificativo para definir aquelas nas que o contacto entre o mar e a terra é suave e a diferenza de altitude entre eles é moi escasa.

Cantís: Cando o contacto entre o mar e terra é brusco e a diferenza de altitude entre eles é importante.

Illa: Porción de terreo rodeada de auga por tódalas partes. Pódese falar de illa cando a súa extensión permite o camiñar por enriba dela. Un simple penedo no medio do mar sería un saliente ou illote.

Lagoa: Porción de terreo ocupada permanentemente pola auga debido á existencia dunha barreira natural de área –dunas-. Salvo excepcións, nunha lagoa desemboca algún río que lle aporta auga e un desaugue.

Ría: É un brazo de mar ancho e alongado que penetra no continente. Polo xeral, nela desembocan ríos.